



# Europa e a mentalidade britÃ;nica

## Description



Os intereses primordiais dos britÃnicos cÃntranse nos imperativos econÃmicos. LÃmbrense ben da famosa frase, con denominaciÃn de orixe, *Time is Money*. A restituciÃn de orde monetaria que supÃn o famoso *debate* Ã bÃsico pero tamÃn o futuro econÃmico e social da UE. Neste sentido, confÃan en presentar boas credenciais para dirixir o futuro colectivo da UniÃn durante seis meses: unha economÃa integrada nun mundo global, capacidade de absorciÃn dunha forte inmigraciÃn, gran crecemento econÃmico, baixo desemprego... e todo isto tendo claro o que queren de Europa. LiberalizaciÃn do sector dos servizos, apoio Ã entrada de TurquÃa, reforzo da competencia, mellora das condiciÃns de crecemento e competitividade da empresa, maior flexibilidade e un enfoque mÃis econÃmico que polÃtico. Case nada.

Resulta obvio que Europa atravesa momentos de crise. Non Ã unha crise comÃn senÃn un trÃptico de crise econÃmica, polÃtica e de liderado. Hoxe Ã difÃcil atopar soluciÃns cando o continente non medra econÃmicamente. A isto se lle suma o feito de que, dende este ano e ata o 2007, realizaranse elecciÃns en paÃses como AlemaÃa, Francia, Italia e EspaÃa, condicionando as prioridades dos dirixentes.

Pasado este trance electoral, Ã de supoÃer que non existirÃ a estabilidade necesaria ata que non naza un novo grupo de dirixentes con sinerxÃa e carisma suficiente. Na actualidade non sÃ existe unha desconexiÃn entre a elite europea e a xente da rÃa, como se ten afirmado ate o de agora, senÃn que Ã necesario contar con que tamÃn hai unha grande descoordinaciÃn e incomprensiÃn entre os lÃderes, incapaces de facer concesions, que se expresan como un signo de debilidade nos respectivos paÃses.

Europa ten interrogantes de orientaciÃn polÃtica que facerse e problemas econÃmicos que resolver. Baixo as mÃnimas cotas de confianza nos dirixentes nacionais agÃchase o estancamento econÃmico e a falla de crecemento, sempre seguindo a estela do referente americano que foi o condicionante da estratexia de Lisboa. Agora, ademais, coa presidencia europea en mans de Gran Bretaña, sÃ dÃas hipÃteses son posibles: desacreditar Europa ou restaurar a credibilidade sendo parte integral dela.

Cal serÃ o nivel de compromiso dos mandatarios britÃnicos? De momento Ã unha incÃgnita, pero si sabemos cando menos dos seus intereses. A historia forxou un imaxinario e un legado particular en cada unha das naciÃns europeas e os britÃnicos tiveron un rol ben distinguido no equilibrio de poderes continental. Nados da composiciÃn de catro naciÃns e cun forte compoÃente inmigrante, foi a primeira democracia e a primeira naciÃn en industrializarse. Ademais contou cun vasto imperio e legou a sÃa cultura a algunha das mÃis grandes e relevantes potencias da actualidade, entre elas EEUU, CanadÃ e Australia.

Estes feitos, unha e outra vez repetidos nas escolas, fan que o ser británico teña un certo contido de excepcionalidade. Acompañado ademais pola vicisitude de partir dende unha illa que non foi ocupada practicamente dende tempos dos romanos. Non é tampouco para esquecer o detalle de que os británicos son dous pobos que, no conxunto da súa poboación, falan menos linguas estranxeiras, o cal dificulta a comprensión e o intercambio co resto de culturas europeas.

A fin de contas, é difícil reconciliar o que foi a histórica grandeza coa modestia que seguiu ó período de despois 1945, cando os EEUU asumiron o relevo da orde internacional dun país habituado a manter os equilibrios de potencias nunha Europa dividida. Isto explica, en parte, as reservas á hora de compartir políticas integradoras europeas como o Tratado de Schengen ou as reticencias á hora de participar na Eurozona.

En efecto, pertencer a Europa pode verse nas illas como unha ameaza. Para os euroescépticos británicos, Europa é un referente moi diferente visto dende a esquerda ou dende a dereita, algo que non é patrimonio dos críticos das illas británicas. Dende a esquerda, a UE evoca un clube de grandes capitalistas que tecen e destecen como Penélope ó seu antollo, nun amplo mercado onde realizan os seus negocios mentres que, para a dereita, significa unha perda de soberanía nacional inasumible.

A isto hai que unir o feito de que a prensa é demasiado parcial e desinforma de maneira populista ata tal punto que Tony Blair nunca quixo enfrontarse directamente cos medios neste tema. Unha das razóns polas que se formulou a proposta dun referendo tiña que ver coa necesidade de crear debate sobre a pertenza a Europa, e romper co tabú de sentirse europeos. Hai quen afirma que a retórica das *red lines* e toda a discusión que aportou debeuse a unha estratexema para atraer ós euroescépticos.

Os intereses primordiais dos británicos céntranse nos imperativos económicos. Lémbrense ben da famosa frase, con denominación de orixe, *Time is Money*. A restitución de orde monetaria que supón o famoso *debate* é básico pero tamén o futuro económico e social da UE. Neste sentido, confían en presentar boas credenciais para dirixir o futuro colectivo da Unión durante seis meses: unha economía integrada nun mundo global, capacidade de absorción dunha forte inmigración, gran crecemento económico, baixo desemprego... e todo isto tendo claro o que queren de Europa. Liberalización do sector dos servizos, apoio á entrada de Turquía, reforzo da competencia, mellora das condicións de crecemento e competitividade da empresa, maior flexibilidade e un enfoque máis económico que político. Case nada.

O *non* á Constitución europea de franceses e holandeses, lonxe de conxurar as pantasma do liberalismo económico, tal vez lle abran aínda máis portas, fortalecendo de paso o populismo e o desencanto con Europa. Agora é unha prioridade non revivir tampouco as tensións entre a nova e vella Europa, que se constatou nas negociacións de Niza ou na crise de Iraq. E, dende logo, son conscientes de que contan cos seus *talóns de Aquiles* particulares como, por exemplo, un colapsado Servicio Nacional de Saúde, o acceso á educación, que non é nin de lonxe a máis equitativa e igualitaria, e a mobilidade social británica, tan rápida como a carreira dunha tartaruga.

Cando se fala de contribución a Europa, no fondo está clara a artificialidade do debate e do feito de que non só o Estado español ou Portugal aproveitaron a bonanza de pertencer a este proxecto e medrar economicamente. O Reino Unido e, sobre todo, Irlanda, foron dos países que máis tallada sacaron dende a incorporación nos anos 70 á CEE, e hoxe, non hai comparación posible coa situación socioeconómica dos anos 80.

Tal vez o problema da contribución non sexa máis que a tensión entre os países que contan cun sector agrícola representativo (Francia, España, Italia, etc), e aqueles que formularon historicamente políticas máis baseadas no comercio (Reino Unido, Holanda, os países nórdicos...), moi presente en cada debate presupostario da UE.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARQUIVO

### IDIOMA

Galego

### Date Created

Agosto 27, 2005

### Meta Fields

**Autoria :** 3746

**Datapublicacion :** 2005-08-27 00:00:00